

REGULAMENTO DOS ESTUDOS OFICIAIS DE POSGRAO

Aprobado polo Consello de Goberno o 7 de xuño de 2006

A LOU dedica o seu capítulo XIII á regulación do Espazo Europeo de Educación Superior, no marco dos principios acordados na Declaración de Boloña desenvolvido polo Real Decreto 56/2005, do 21 de xaneiro, modificado polo RD 1509/2005, do 16 de decembro, que regula os estudos universitarios oficiais de posgrao, establecendo así unha nova estrutura dos estudos de nivel universitario, que diferencia entre estudos de grao e estudos oficiais de posgrao. Este decreto, que regula de xeito xenérico estes estudos, precisa dunha regulación interna que estableza e pauten os distintos procedementos destes novos estudos oficiais conforme as regras e normas estatais que regulan o Espazo Europeo de Educación Superior, como é o sistema de créditos ECTS contido no Real Decreto 1125/2003, do 5 de setembro, e sempre tendo en conta a autonomía das universidades nesta materia de xestión académica.

Pola súa vez, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, dentro da súa competencia de autorización destes estudos, pode ditar as correspondentes instrucións para que as universidades galegas presenten as propostas para a aprobación e posterior implantación de Programas Oficiais de Posgrao, consonte a Guía e Protocolo aprobados pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego, responsable da avaliación destes de acordo coa LOU e a normativa que a desenvolve.

Pola súa banda, os Estatutos da Universidade resérvanlle ao Consello de Goberno, no marco das liñas xerais aprobadas polo Claustro, a competencia para a elaboración dos regulamentos nesta materia.

En consecuencia, de conformidade coas liñas xerais dos estudos de posgrao aprobadas polo Claustro Universitario o 23 de febreiro de 2006, o Consello de Goberno, na súa reunión do 7 de xuño de 2006, acorda aprobar o presente *Regulamento de estudos oficiais de posgrao*, que establece o marco normativo no que estes estudos se van desenvolver.

TÍTULO I. [DOS ESTUDOS OFICIAIS DE POSGRAO]

Artigo 1 [Tipos de estudos de posgrao]

Os programas oficiais de posgrao (POP), orientados á especialización académica, profesional ou investigadora, estarán integrados por:

a) Estudos de máster, cunha duración de entre 60 e 120 créditos. A estrutura dos másters tenderá a ser de 60, 90 e 120 créditos.

b) Estudos de doutoramento, orientados á investigación e á realización da tese de doutoramento.

Artigo 2 [Composición dos plans de estudos dos Másters e Doutoramento]

1.-[Máster]

Os plans dos estudos de máster estarán compostos por:

- Módulos: Defínense como o conxunto de materias relacionadas entre si e poderán estar constituídos por materias obrigatorias e/ou materias optativas
- Materias: Son os contidos correspondentes a disciplinas e actividades formativas que poden ter carácter presencial ou non presencial.

Estes programas poderán prever a existencia de especialidades en función dos módulos ou materias cursadas polo alumnado.

A organización dos másters será fundamentalmente modular, podendo tamén organizarse por materias. Para cada módulo, ou de ser o caso materia, establecerase unha guía ECTS cos obxectivos, as competencias e as habilidades que se obterán de superar o módulo e/ou a materia.

Para o cómputo dos créditos dos programas conducentes ao título oficial de máster aplicarase a unidade de crédito ECTS regulada no Real Decreto 1125/2003, do 5 de setembro. O número mínimo de horas por crédito será de 25 e o número máximo será de 30 horas. Tenderase a estimar en 25 horas o traballo do alumno por cada crédito ECTS, e a que a docencia presencial non supere 1/3 das horas do crédito

Todas as materias conducentes a un título de máster deberán ter o mesmo valor en horas de traballo do alumno por cada crédito, incluídas as prácticas en empresas.

2.- [Doutoramento]

Os plans de estudos de doutoramento deberán especificar os seus obxectivos determinando as competencias e habilidades que os estudantes deben conseguir, así como indicar as actividades a desenvolver e as liñas de investigación ás que estean orientados, e, de ser o caso, a programación doutras actividades docentes ou investigadoras. Así mesmo deberán ir acompañados da relación de profesores e investigadores encargados da dirección das teses de doutoramento.

TÍTULO II.- [Proposta de títulos de posgrao]

Artigo 3.- [Órganos e trámites]

A proposta de aprobación de posgraos oficiais tramitarase a través dos centros. Cando os programas sexan fundamentalmente investigadores, poderá tramitarse a través dos institutos universitarios. Así mesmo, por razóns estratéxicas poderá propoñerse de oficio a creación de estudos de posgrao oficial. O acordo

de creación determinará o centro, departamento ou instituto ao que se adscriben os estudos.

Os trámites para a proposta de creación de estudos de posgrao serán:

A) Solicitud, que se realizará no formulario establecido para os efectos deberá incluír os elementos que establezan as Administracións educativas, así como os que se deriven do presente regulamento e as normas que para o seu desenvolvemento se establezan na Universidade. Ademais deberase acompañar da relación dos medios dispoñibles para a súa impartición, con indicación das novas necesidades que, de ser o caso, se precisen.

B) A proposta de solicitud ou modificación será revisada pola unidade administrativa correspondente, que analizará o cumprimento dos requisitos para a súa tramitación e solicitará, de ser o caso, a súa modificación.

C) A Comisión de Estudos de Posgrao estudará anualmente as propostas recibidas e elevará proposta ao Consello de Goberno para a súa aprobación.

D) Logo do informe do Consello Social e tras as avaliacións que se considere oportuno realizar, elevarase a proposta de oferta de estudos á Xunta de Galicia para a súa remisión ao Consello de Coordinación Universitaria.

A Vicerreitoría con competencias na materia someterá a aprobación do Consello de Goberno o calendario para a presentación das propostas.

Artigo 4.- [Oferta]

A oferta de programas oficiais de posgrao tenderá a abarcar todas as grandes áreas de coñecemento, atendendo as necesidades de formación posgraduada e tomando en consideración os titulados de grao nos distintos estudos e nos campus que integran a Universidade, así como a desexable racionalidade na oferta de estudos dentro do sistema universitario galego.

A determinación da proposta de programas oficiais de posgrao efectuarase atendendo a criterios de calidade, pertinencia académica, adecuación á realidade social e económica de Galicia e demanda previsible e razoada e recursos dispoñibles.

Non poderá existir nesta Universidade máis de un programa oficial de posgrao que incida sobre os mesmos contidos e obxectivos.

Artigo 5.- [Límite de prazas]

A aprobación dos programas de posgrao leva consigo a determinación inicial do límite de prazas para as titulacións do programa. Anualmente os responsables dos programas proporán o mantemento ou modificación do límite de prazas, que será aprobado polo Consello de Goberno.

No caso de titulacións interuniversitarias especificarase a totalidade das prazas do programa e, se é do caso, as que lle corresponden a cada universidade.

Artigo 6.- [Asignación da docencia]

1.- Tendo en conta os obxectivos formativos dos programas oficiais de posgrao, para a asignación de docencia deberá actuarse consonte os seguintes criterios:

a) Nos másters de especialización académica ou profesional e másters mixtos polo menos o 70 % dos créditos serán impartidos por profesorado co título de doutor.

b) Nos másters de iniciación á investigación polo menos o 90 % dos créditos deberán ser impartidos por profesorado co título de doutor.

2.- A asignación de docencia en programas oficiais de posgrao realizarase consonte o seguinte procedemento:

a) O coordinador responsable do programa solicitaralles aos diferentes departamentos o profesorado para impartir os módulos e ou materias do programa.

b) Os departamentos farán chegar ao coordinador do programa a relación de profesores interesados en participar na súa docencia, xunto coa programación dos módulos e/ou materias que impartiría cada profesor.

c) O coordinador do programa presentaralle á dirección de cada departamento unha proposta razoada co encargo docente que tería cada profesor para a súa aprobación.

d) Correspóndelle á dirección do departamento a aprobación definitiva do encargo docente solicitado.

A programación de posgrao oficial aprobada só poderá ser modificada por causas xustificadas, a proposta do órgano responsable do programa, logo do informe do departamento ou departamentos afectados, debendo respectar en todo caso a oferta aprobada.

Corresponderanlle ao Consello de Goberno todas as decisións respecto ás propostas de programación se non hai acordo entre os responsables do programa e os departamentos afectados.

A programación poderá estipular a designación ou contratación de profesionais ou profesores alleos a esta Universidade. O órgano responsable do programa deberá remitir a correspondente proposta coa suficiente antelación á data de comezo da impartición da docencia para proceder a tramitar a aprobación da contratación ou da autorización correspondente.

Para todos os efectos, a docencia e demais encargos ou obrigas referidas aos estudos oficiais de posgrao deberán recibir o mesmo tratamento previsto para a docencia de estudos oficiais de grao.

Os POP e mailos masters serán dirixidos e/ou coordinados por un profesor doutor con dedicación exclusiva na Universidade, nomeado polo reitor a proposta do órgano responsable do programa. O Consello de Goberno determinará os

supostos nos que a actividade de dirección e/ou coordinación computará dentro da actividade académica do profesor.

TÍTULO III.- [Da organización e da xestión dos POP]

Artigo 7.- [Organización e xestión]

A responsabilidade dos estudos de máster corresponderalle, salvo excepcións que deberán estar especialmente motivadas, a centros da Universidade. A dos estudos de doutoramento recaerá en departamentos ou institutos da Universidade.

Cada POP estará adscrito funcionalmente a un centro e, se é do caso, tamén a un departamento ou instituto. Cando se trate de programas interuniversitarios, intercentros ou interdepartamentais, deberán preverse os órganos precisos de coordinación dos centros ou institucións implicadas.

Para a resolución das cuestións referidas aos estudos de posgrao crearase unha Comisión de Estudos de Posgrao. Garantirase a presenza de todos os sectores da comunidade universitaria que representen as grandes áreas de coñecemento, dos dous campus, así como a decanos ou directores de centro e directores de departamentos ou institutos.

A xestión académica dos estudos de posgrao levarase a cabo, agás excepcións debidamente motivadas, nas mesmas unidades previstas para a xestión do grao.

TÍTULO IV.- [Acceso]

Artigo 8.- [Admisión]

A admisión do alumnado en programas de posgrao oficial realizarase conforme aos procedementos e criterios establecidos neste regulamento, seguindo os principios de obxectividade, imparcialidade, mérito e capacidade.

A Universidade determinará anualmente os prazos de preinscrición para os cursos de posgrao, podendo establecer dous períodos nun mesmo curso coincidindo co remate do semestre académico.

O sistema de selección e admisión do alumnado nos másters oficiais realizarase de xeito centralizado, conforme ás cotas ou preferencias de titulacións que determine a Universidade na oferta de estudos de cada título. O sistema de selección terá en conta preferentemente o expediente académico.

Tamén poderá acceder a estudos de posgrao oficial o alumnado que cursara estudos estranxeiros e se lle recoñeza a equivalencia ou a homologación destes, así como os de programas de intercambio e mobilidade.

No caso do acceso aos estudos de doutoramento, os departamentos e institutos poderán establecer ademais do expediente académico outros criterios de acceso que deberán ser públicos e obxectivos e respectar os principios establecidos no primeiro paragrafo deste artigo.

Os estudantes que pretendan cambiar de programa, deberán someterse a un novo proceso de selección.

Artigo 9.- [Requisitos de acceso aos estudos de Máster]

1.- Para acceder aos estudos de posgrao oficial de Máster, os estudantes deberán reunir algúns dos seguintes requisitos:

a) Ser licenciado, arquitecto ou enxeñeiro, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado ou mestre, ou calquera outra titulación equivalente.

b) Posuír un título de grao.

c) Ter superados os créditos do primeiro ciclo das actuais titulacións de dous ciclos.

d) Acreditar ter superados cento oitenta créditos dos estudos de grao cando nestes créditos estea comprendida a totalidade dos contidos formativos comúns do título de grao. Neste caso, a admisión deberá ser aprobada por resolución reitoral, logo da solicitude individual e razoada do interesado e do informe vinculante do Consello de Dirección, que poderá delegar esta competencia de informe noutro órgano ou unidade administrativa.

En todo caso, para poder obter o título de Máster, o alumno deberá posuír a condición de licenciado, enxeñeiro, arquitecto, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado, mestre ou equivalente antes de rematar o programa. Os estudantes que cursaran estudos nun Máster e non tiveran dereito ao título poderán solicitar unha certificación de asistencia aos devanditos estudos.

Ademais dos requisitos de acceso, a Universidade poderá fixar as preferencias de titulacións para cada programa, así como cotas en función do título de procedencia.

A admisión de titulados estranxeiros farase segundo o disposto no art. 3.2 do RD 56/2005.

Artigo 10.- [Requisitos de acceso aos estudos de doutoramento]

O estudante, unha vez superados un mínimo de 60 créditos en programas oficiais de posgrao ou cando se atope en posesión do título oficial de Máster, poderá solicitar a súa admisión no doutoramento, sempre que teña superados un mínimo de 300 créditos no conxunto dos seus estudos universitarios de grao e posgrao.

A Universidade poderá determinar os másters que dan acceso ao período de tese, así como os complementos de formación necesarios, de ser o caso.

Tamén poderán acceder ao doutoramento, nas mesmas condicións, os alumnos estranxeiros con estudos estruturados conforme o sistema establecido no espazo europeo de educación superior. Tamén poderán acceder a esta etapa aqueles estudantes de países que determine a Universidade, sempre que estean en posesión de títulos de posgrao ou diplomas equivalentes ao DEA e sempre que lle dean acceso ao doutoramento no seu país de procedencia. Os demais estudantes estranxeiros someteranse aos procesos de homologación ou equivalencia que determine a Universidade.

TÍTULO V.- [Procedemento de matrícula]

Artigo 11.- [Matrícula en inicio e continuación de estudos]

Os estudantes deberán matricularse por vez primeira da totalidade dos créditos que figuren na programación do primeiro curso da titulación de posgrao, segundo a ordenación temporal dos estudos establecida no programa, sen prexuízo do establecido no artigo 13 para a modalidade a tempo parcial.

Cada programa poderá establecer unha ordenación temporal dos módulos que cumpre superar en cada curso, así como os contidos, módulos ou materias que deben ser superados nun determinado curso académico. Nos restantes casos, os estudantes poderán matricularse no curso posterior dos módulos pendentes sempre que a programación das actividades a desenvolver sexa compatible cos módulos ou materias do curso seguinte.

Os créditos pendentes deberán ser obxecto de matrícula xunto coa programación do curso seguinte e poderán ser superados nunha convocatoria específica. Con independencia da realización das actividades necesarias para a superación de tales créditos a súa anotación no expediente do alumno coincidirá coas datas das convocatorias ordinarias ou extraordinarias dos estudos de primeiro e segundo ciclo ou de grao. A matrícula dos créditos non superados non dará dereito á modificación da programación do máster

Será impedimento de matrícula durante dous anos, a non superación de ningún crédito dese programa. Transcorrido este período o alumnado deberá someterse a un novo proceso de admisión no programa.

Artigo 12.- [Matrícula no doutoramento]

Unha vez superados os programas orientados ao doutoramento ou realizados os estudos ou créditos de formación adicional ou os módulos de preparación á investigación que determine o programa, os estudantes formalizarán matrícula no período de tese, logo da comprobación do cumprimento dos requisitos pola Universidade.

A matrícula deberá formalizarse durante todos os cursos mentres dure a elaboración da tese, debendo o alumno aboar os prezos públicos que determine o Decreto de prezos públicos, así como o seguro escolar ou obrigatorio e outros prezos que determine a Universidade.

Unha vez realizada a tese, e efectuado o seu depósito e autorizada a súa defensa, o alumno procederá a formalizar a matrícula da tese na unidade de xestión correspondente de acordo co procedemento establecido no regulamento aplicable, aboando os prezos legalmente establecidos.

Artigo 13.- [Tipos de matrícula]

A Universidade poderá establecer para os posgraos oficiais unha modalidade a tempo parcial, conforme á programación específica que fixen os responsables do programa para este tipo de matrícula. A Universidade fixará uns requisitos específicos para este tipo de matrícula.

Serán plenamente aplicables á matrícula do posgrao oficial as modalidades de matrícula de visitantes, matrícula extraordinaria e de intercambio, conforme ao que estableza a respectiva convocatoria.

Así mesmo, a Universidade poderá organizar posgraos con docencia totalmente virtual conforme ás normas específicas de matrícula e acceso que se determinen na convocatoria.

Artigo 14.- [Dereitos da matrícula]

A matrícula dará dereito a recibir a docencia e participar nas actividades establecidas no programa, á tutela académica, á utilización dos recursos necesarios para o desenvolvemento dos seus traballos e a todos os demais dereitos e obrigas que figuran nos Estatutos da Universidade.

TÍTULO VI.- [Das titulacións conxuntas]

Artigo 15.- [Titulacións conxuntas]

O réxime de acceso, matrícula e xestión de expedientes nos POP interuniversitarios será o que estableza o convenio asinado. De non existir regulación expresa o réxime será o seguinte:

1. As universidades ofertarán de xeito independente o número de prazas, tanto para o primeiro curso como para o acceso ao segundo.
2. En calquera dos accesos o alumnado poderá formular unha solicitude de ingreso independente en calquera das universidades ou en varias ou en

todas á vez, debendo optar, no caso de ser admitido, por unha delas cando formalice a matrícula.

3. Unha vez admitidos cos mesmos criterios de selección consideraranse alumnos dun único curso, debendo formalizar matrícula nunha soa universidade, podendo realizar módulos ou materias en calquera delas ou modificar a universidade que xestione o seu expediente, de conformidade co punto 6.
4. A matrícula formalizarase mediante os procedementos, normas de liquidación de prezos e prazos establecidos pola universidade na que se matricule. A matrícula será única e comprenderá todas as materias que pretenda cursar o alumnado nalgunha ou en todas as institucións. Para estes efectos o alumno deberá indicar no momento de formalizar a matrícula as disciplinas que pretenda cursar na outra ou nas outras institucións, sempre que así figure na oferta. Poderán establecerse requisitos de matrícula e/ou convocatorias para cursar materias non superadas noutra das universidades participantes no programa, tomando en consideración as convocatorias ás que de ser o caso concorrese en calquera delas.
5. Finalizados os prazos de modificación de matrícula que estableza cada universidade e, no caso de que existan modificacións que afecten ás materias da outra universidade nas que haxa alumnado inscrito, comunicaranse os cambios no prazo máximo de 10 días.
6. O alumnado matriculado nunha universidade conforme ao parágrafo 4 poderá solicitar trasladar a xestión do seu expediente á outra con carácter anual, sen que teña a consideración xurídica de traslado, polo que non se deberán aboar prezos públicos por este concepto.
7. En ningún suposto o exercicio do dereito de matrícula establecido nestas normas obrigará a modificar o réxime de horarios e calendario de exames en ningunha das universidades.
8. Ao finalizar cada unha das convocatorias oficiais, cada universidade, polo procedemento que estableza, remitiralle á outra unha acta ou certificación por cada materia onde exista alumnado inscrito da outra universidade e que nese curso estea matriculado na primeira. A acta ou certificado incluirá, polo menos, denominación e código da materia, DNI, apelidos e nome do alumno/a e cualificación ou mención. Esta certificación non será necesaria no caso de que as universidades utilicen a mesma aplicación informática que dea acceso a estes datos, pero para os efectos de constancia no expediente, remitirase a acta asinada na que figure a cualificación do alumno.
9. As materias e actividades cursadas polo alumnado e recollidas no seu expediente serán recoñecidas na outra universidade sen que se someta a

ningún tipo de proceso de adaptación ou validación. A transcripción do expediente será literal e sen textos engadidos, notas ou aclaracións.

10. Para a obtención do título o alumnado deberá ter superados todos os créditos establecidos, independentemente da universidade onde os superase.
11. O alumnado aboará os dereitos de expedición do título na universidade onde efectuara a última matrícula, que será a encargada da súa expedición en todo o relacionado coas certificacións, duplicados, rexistro e custodia.
12. O modelo de título que se expida será acordado polas universidades, de acordo coa normativa xeral, e incluírá os símbolos institucionais e a sinatura dos seus reitores.

TÍTULO VII.- [Expedientes]

Artigo 16.- [Xestión do expediente]

1.- O expediente dos alumnos será único e nel anotaranse os estudos oficiais e propios que se vaian cursando.

2.- -Se a programación dun posgrao oficial esta conformada por varios módulos que dan dereito a distintos estudos de formación continua ou de especialista, e no caso de que o alumno teña superada a totalidade dos módulos que lle dea dereito á expedición do título de Máster, poderá solicitar o recoñecemento dos estudos cursados e a expedición do título. A Universidade solicitará neste caso informe da Comisión de Posgrao para que determine a equivalencia dos estudos, e procederá á autorización da expedición do título sempre que o alumno reúna os requisitos académicos para a súa expedición e aboe os prezos que se establezan.

3.- No caso de non ter superado integramente os estudos do programa poderá solicitar a admisión no mesmo e que se recoñezan os estudos cursados.

4.- O numero de créditos necesarios para a obtención do título poderá variar en función da acreditación de competencias segundo os estudos de procedencia do alumnado. Na oferta académica poderá especificarse a necesidade de realizar créditos de formación adicional para os estudantes procedentes de determinados estudos.

Artigo 17 .- [Réxime de avaliación]

Os estudantes terán dereito a unha avaliación anual para determinar as competencias e habilidades adquiridas, conforme ao sistema que se estableza na guía docente.

O sistema de avaliación poderá ser por módulos ou por materias, dependendo da organización do programa segundo o establecido no artigo 2.

Cando o alumnado considere que a avaliación outorgada é arbitraria ou discriminatoria, poderá solicitar mediante petición razoada que os responsables do programa a revisen, segundo o procedemento de revisión que acorde o Consello de Goberno.

As materias ou módulos cursados serán avaliadas cos sistemas xerais ou específicos que se determinen na guía docente.

O control presencial poderá formar parte do sistema de avaliación, e a programación docente poderá esixir que para superar determinadas materias deba acreditarse a asistencia polo menos no 80 % das actividades presenciais programadas. Para estes efectos establecerase un sistema de control presencial obxectivo.

Artigo18.- [Prácticas externas]

Os programas de posgrao oficial poderán conter a realización de prácticas externas. Os responsables do programa deberán nomear un coordinador de prácticas que será o encargado de xestionar a oferta e a adxudicación das prazas.

O criterio de selección nas prácticas deberá establecerse xunto coa oferta, con base nos principios de transparencia, obxectividade e equidade, e tendo en conta en todo caso o expediente académico

A Universidade e a empresa/institución deberán nomear cadanseu titor de prácticas que se encargará do seguimento da aprendizaxe do alumno. O titor universitario das prácticas poderá ser o coordinador delas.

Tendo en conta o aproveitamento das prácticas, a memoria elaborada polo alumno e o informe do titor da empresa, o titor da universidade outorgaralle a correspondente cualificación. O réxime de cualificación será o mesmo que o das restantes materias.

Artigo 19 .- [Alumnado que non superou o programa]

Aos estudantes que non estean en condicións de obter o título de Máster poderá outorgáselles un certificado acreditativo da súa asistencia. O devandito documento non poderá ter un formato que induza á confusión co título de posgrao oficial.

TÍTULO VIII.- [Títulos]

Artigo 20.- [Expedición de títulos]

O procedemento de expedición e as características dos títulos de posgrao serán os que estableza o MEC para estes títulos oficiais.

A xestión dos procedementos de expedición, duplicados, entrega e remisión dos títulos serán os establecidos para os títulos oficiais.

A expedición de títulos conxuntos entre varias universidades farase de conformidade co que estableza o convenio de colaboración. En todo caso nos títulos expedidos conxuntamente por varias universidades deberá figurar o logotipo das que o impartiron, e a sinatura do seu reitor, que poderá estar impresa. A falta de previsión expresa no convenio, cada universidade xestionará a expedición dos títulos dos alumnos dos que xestiona o seu expediente e en particular dos alumnos que rematen os estudos nela. Cando a superación dun programa dea lugar á expedición dun título para cada universidade, deberá incluírse a referencia do programa seguido para a súa obtención, así como do convenio suscrito, sen que proceda a expedición de máis de un título en favor do mesmo interesado.

TÍTULO IX.- [Prezos e seguros]

Artigo 21.- [Prezos públicos]

Os estudos conducentes á obtención dun título oficial de posgrao importarán os prezos públicos que a Comunidade Autónoma determine. A xestión dos prezos públicos dos POP, realizarase de acordo coas normas de aplicación que no ámbito das súas competencias poida ditar a Universidade.

Estarán exentos total ou parcialmente do pagamento de prezos públicos os alumnos que se atopen nalgunha das situacións reguladas na lexislación vixente.

A súa aplicación realizarase conforme o procedemento que para tales efectos estableza a Secretaría Xeral.

Artigo 22.- [Seguro escolar]

Será obrigatorio o seguro escolar para os alumnos españois e estudantes nacionais dos Estados membros da Unión Europea e do Espazo Económico Europeo e para os estudantes estranxeiros residentes que formalicen matrícula en estudos de posgrao e sexan menores de 28 anos.

A Universidade esixiralles a formalización dun seguro que cubra idénticos ou similares riscos aos do seguro escolar a todos aqueles estudantes que queden fóra do ámbito da súa aplicación.

TÍTULO X.-[Bolsas]

Artigo 23 .- [Réxime das bolsas]

Será de aplicación aos posgraos oficiais o réxime de bolsas e axudas que establezan outras Administracións públicas ou institucións, sempre que existan convocatorias públicas e compensacións para a Universidade.

TÍTULO XI.- [Seguimento e avaliación dos programas]

Artigo 24.- [Memorias dos Programas]

Sen prexuízo dos procesos de avaliación externo aos que fai referencia o art. 6.1 do RD 56/2005, modificado polo RD 1509/2005 de 16 de decembro e o RD 49/2004 de 19 de xaneiro, a Universidade establecerá os seus propios mecanismos de seguimento e avaliación dos POP para tomar decisións respecto da súa continuidade, modificación ou retirada.

Para estes efectos os responsables dos programas elaborarán, ao remate de cada programa, unha memoria de actividades e de desenvolvemento del, onde se analizará o cumprimento dos obxectivos académicos propostos.

As memorias dos POP serán avaliadas pola Comisión de Estudos de Posgraos, quen poderá suxeririlles aos responsables do POP as melloras que considere oportunas, e proporalle ao Consello de Goberno a continuidade, modificación ou retirada do POP. O Consello de Goberno decidirá anualmente sobre as propostas e, no caso de aprobar modificacións ou retiradas de POP, someteraas ao Consello Social.

Complementariamente, estableceranse mecanismos de seguimento do cumprimento das propostas de programas e de avaliación do grao de satisfacción do alumnado, establecendo criterios de calidade e de avaliación externa para a prorroga de programas ou para a creación e posta en marcha doutros novos.

O incumprimento grave das propostas tanto no seu aspecto académico como de xestión poderá dar lugar á extinción dos programas unha vez rematado o período establecido no mesmo. En todo caso estableceranse os mecanismos para que o alumnado que comezara o programa o poida rematar.

[Disposicións Adicionais]

Primeira.- Autorízase ao reitor ou persoa en quen delegue para ditar cantas resolucións sexan necesarias para o desenvolvemento do presente regulamento.

Segunda.- No que non se opoña ao presente regulamento será de aplicación o Regulamento dos estudos de terceiro ciclo da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado na Xunta de Goberno o día 7 de abril de 2000 e modificado por Xunta de Goberno de 14-XI-2000, e Consello de Goberno de 22-XII-2003 e de 18-VII-2005 (art. 30 a 45).

Terceira.- [Certificación das competencias dun módulo]

Cando a programación dun posgrao inclúa módulos que, cursados de xeito independente, poidan conducir á obtención doutros títulos propios tales como especialista ou formación continua, aplicaráselles a estes o réxime do posgrao, en particular, o establecemento do límite de prazas, matrícula, avaliación e acreditación dos estudos cursados. Dentro dun POP as prazas non cubertas en estudos conducentes a un título oficial poderán ofertarse para estudos conducentes a títulos non oficiais. A admisión nos cursos de formación continua será por orde de solicitude e nos de especialista consonte os criterios e requisitos que se determinen.

Cuarta .- A avaliación dos programas de posgrao na USC realizarase conforme ao sistema de garantía da calidade das titulacións previsto polo Consello de Goberno o 30 de xaneiro de 2006.

Quinta.- A Universidade establecerá mecanismos para a captación de alumnos de posgrao mediante técnicas informativas, informáticas e de márketing, así como potenciará as relacións de colaboración con universidades e institucións estranxeiras para o intercambio de estudantes e outorgamento de titulacións dobres ou compartidas.

Sexta.- A Comisión de Estudos de Posgrao prevista no artigo 7 terá na USC a seguinte composición, na que deberá haber representación das grandes áreas de coñecemento, dos dous campus, así como de decanos ou directores de centro e directores de departamentos ou institutos:

- a) Reitor ou vicerreitor en quen delegue, que a presidirá.
- b) Vicerreitores e vicerreitores adxuntos con competencias en materia de investigación, organización académica (grao e posgrao) e planificación.
- c) Secretario xeral
- d) Dous profesores doutores por cada grande área de coñecemento (Ciencias da Saúde, Ensinanzas Técnicas, Ciencias Experimentais, Ciencias Sociais e

Xurídicas e Humanidades), designados polo Consello de Goberno a proposta do reitor.

e) Tres estudantes elixidos de entre os representantes destes no Consello de Goberno.

f) Un membro do PAS elixido polo Consello de Goberno de entre os representantes deste colectivo

g) O xefe do servizo da USC con competencias en xestión da oferta e programación académica, xunto co apoio dun secretario pertencente ao servizo.

A Comisión de Estudos de Posgrao terá as competencias que figuran neste regulamento, as que lle delegue o Consello de Goberno, e as demais que legalmente teña atribuídas.

A Comisión de Estudos de Posgrao poderá crear subcomisións específicas para temas concretos. Tamén poderá propoñerlle ao Consello de Goberno o nomeamento dunha comisión de expertos con competencias delegadas en materia de doutoramento.

[Disposicións Transitorias]

Primeira.- A elaboración, defensa, tribunais e avaliación da tese de doutoramento rexeranse polos artigos 11, 12, 13 do R.D. 56/2005, indistintamente de que o marco normativo polo que se cursaron os estudos do doutoramento fora o citado R.D. 56/2005 ou o R.D. 778/1998.

Segunda.- No entanto non existan normas de desenvolvemento para o procedemento de revisión de cualificacións, corresponderalle a súa xestión e decisión a unha comisión do programa, da que formarán parte o responsable do programa, tres profesores e un alumno.

Terceira. - Mentres non se constituía a Comisión de Estudos de Posgrao prevista neste regulamento, as súas funcións corresponderanlle á Comisión de Avaliación de Estudos creada por acordo do Consello de Goberno de 20 de xuño de 2005.

Cuarta.- En tanto os Estatutos da Universidade non reconfiguren a adscrición aos sectores electorais das diferentes modalidades de estudos, o estudiantado dos POP será considerado estudiantado de segundo ciclo para os efectos da súa participación na vida académica, de conformidade co disposto no artigo 8 do RD 55/2005, de 21 de xaneiro.

Quinta.- Os programas de posgrao aprobados con anterioridade á entrada en vigor do presente regulamento axustaranse a este no prazo máximo de un ano.

[Disposición Derrogatoria]

Quedan derogadas cantas disposicións, resolucións ou regulamentos se opoñan ao disposto no presente regulamento.

[Entrada en vigor]

O presente Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno da Universidade, sen prexuízo da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.